

Víctor López Seoane.



Víctor López Seoane y Pardo-Montenegro (Ferrol 1832 – A Coruña 1900) foi o naturalista galego de maior relevancia histórica, e tamén unha figura importante a nivel europeo. A súa obra supuxo unha grande contribución á descrición e ao inventariado de multitude de exemplares de insectos, mamíferos, aves, réptiles anfibios e plantas. Exemplares das súas coleccións poden encontrarse en todos os máis importantes museos de Historia Natural de Europa. Publicou traballos en diversos idiomas nas revistas científicas máis prestixiosas do momento. Colaborou e/ou mantivo correspondencia con grandes figuras da Historia Natural do seu tempo, como Jacques von Bedriaga, Odón de Buen, Charles Darwin, Ernst Haeckel, Fernand Lataste e outros. Tamén foi unha figura próxima aos dos rexionalistas liberais de Manuel Murguía e Eduardo Pondal, entre outros.

Nado en Ferrol, optou por seguir unha carreira académica en detrimento da tradición familiar, vinculada ao ámbito militar na Mariña. Esta vocación pola Historia Natural xa era patente en el desde neno, desfrutando dun ambiente receptivo no seo da súa familia. Comezou a facer coleccións de seres vivos desde moi novo, de maneira vocacional, e o seu primeiro contacto cun científico académico foi con José Planellas, catedrático de universidade de Santiago, mentres estudaba aínda o bacharelato. Comezou os estudos de Medicina e Ciencias Naturais simultaneamente, en Madrid. A parte máis importante da súa formación intelectual se desenvolve nesta época de universitario en Madrid, onde formou parte de diversas sociedades filantrópicas, como o Museo Popular e o Ateneo de Madrid, onde se desenvolvía actividades científicas. Desta época data a súa primeira publicación (1854, sobre temas de botánica). Estes anos foron un momento importante para a Historia Natural a nivel español, e Seoane se beneficiou do ambiente da capital, establecendo relación con recoñecidos científicos da época, como Mariano de la Paz Graells, e como consecuencia, tamén tivo relación con científicos de toda Europa. É nestes anos nos que Seoane adquire un verdadeiro coñecemento sobre o mundo da Ciencia: o traballo en grupo, as redes de contactos, as xerarquías, etc. Continuaría coa Medicina en Andalucía, e rematou esta carreira en Santiago en 1861. Neste momento, ocupou as cátedras de Física e Química e Historia Natural nun instituto de A Coruña. Posteriormente renunciaría a elas e se trasladou a Ferrol para traballar como médico. Durante todos estes anos xa comezara a formar coleccións e publicara traballos sobre Historia Natural, pero foi pouco despois de casar con Francisca Riobóo Álvarez (no 1869) cando se trasladou á Coruña e abandonou a súa profesión como médico para dedicarse por enteiro á súa labor de naturalista. Todo isto o puido facer grazas a unha posición económica comfortable. Posuía, por parte da familia da súa muller, extensas propiedades agrícolas en toda Galicia. Para axudar e facilitar coa administración de estas posesións, estudou Dereito na Universidade de Oviedo. Esta solvencia económica que adquiriu, a aproveitaría para mellorar a súa formación de naturalista, realizando frecuentemente viaxes por toda Europa nos que visitaba museos e se relacionaba con científicos.

Na Coruña, frecuentou a compañía de persoeiros de vida cultural e política marcadas por ideas liberais progresistas e rexionalistas. Era próximo ás ideas políticas de Montero Ríos. Tiña amizade con Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Emilia Pardo-Bazán. Participou activamente en diversas actividades e asociacións da vida cultural.

A cunca. Escolma de persoeir@s

O seu traballo como naturalista consistía na recolección de seres vivos no seu medio natural, e descrición, a partir das coleccións así creadas, de novas variedades e especies. Como legado, deixou unha extensa colección de animais, pero tamén con pezas de paleontoloxía e xeoloxía, que actualmente se encontra na casa das Ciencias da Coruña. Esta colección dispón de 10.747 pezas. A colección botánica continúa hoxe exposta na residencia familiar de verán, no pazo de Cabanas. Como xa dixemos, outros museos contan con pezas recollidas por Seoane, entre eles, o Museo de Historia Natural de Londres, o Museo de historia Natural de Francia e o de Lisboa. Describiu por primeira vez para a Ciencia unha especie de lagarta (*Podarcis bocagei*) moi abundante en Galicia, e unha de ra (*Pelophylax perezii*). Nos seus comezos adoptaría, intelectualmente, os postulados do gran paleontólogo francés Georges Cuvier. Segundo esta visión, as especies teñen un “lugar” que lles corresponde na natureza conforme ao plan do creador. A función do taxonomista será encontrar coa maior precisión ese “lugar” para cada especie. Porén, posteriormente, acabaría adoptando postulados máis orientados ao evolucionismo Darwinista. A pesar do seu indiscutible legado, e de que, como científico, se pode dicir que acadou un grande éxito, agora sabemos que foi responsable de algúns casos de fraude científico. Este aspecto escurece en certa medida a personalidade de quen debería ser un dos nosos grandes homes de ciencia. Estas situacións foron debidas a insatisfaccións derivadas de confrontacións con grandes especialistas da época, dos que aparentemente sufriu un certo desprezo intelectual. Como consecuencia, Seoane acabou por ter unha certa obsesión pola notoriedade, que o levou a ser responsable de eses actos pouco éticos.

Na súa honra foron nomeadas algunhas especies de animais, como *Vipera seoanei*, *Cebrio seoanei*, e plantas, como *Serratula seoanei*.

Bibliografía:

- Biblioteca científica López Seoane, manuscritos, Instituto “José Cornide” de Estudos Coruñeses (A Coruña).
- “Víctor López Seoane” na árbore da Ciencia. Consello da Cultura Galega.